

EXPEDIENTE CIVIDAS 2023031933

INFORME DE INTERVENCIÓN. ADECUACION DO ANEXO PERSOAL DO
ORZAMENTO DO EXERCICIO 2023

De conformidade co disposto no **artigo 18 do Real-Decreto 500/90, do 20 de Abril**, en relación co **artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais**, e artigo 4.1, b) do Real Decreto 128/2.018, de 16 de marzo, a funcionaria que subscribe ten a ben emitir o seguinte **INFORME** en relación coa modificación do anexo de persoal **do exercicio 2023**, remitido pola Presidencia para a súa fiscalización e posterior sometemento á consideración do Pleno da Mancomunidade (artigo 7 dos Estatutos da Mancomunidade) para a súa aprobación, se procedese, emítese o presente **INFORME**:

ASUNTO: PROPOSTA DE MODIFICACION DO ANEXO DE PERSOAL 2023, MEDIANTE ADECUACION DOS CONCEPTOS RETRIBUTIVOS DO POSTO DE XERENTE

Con carácter previo a análise do documento sometido a informe, sinálase que éste non ten o carácter de fiscalización, como así se deduce do artigo 4.1, b) do Real Decreto 128/2.018, de 16 de marzo.

ANTECEDENTES

-En data 01/09/2022 a Presidencia da Mancomunidade aprobou as bases específicas reguladoras do proceso de selección de estabilización para cobertura en propiedade dunha praza de persoal laboral do grupo I xerente, polo procedemento de concurso, cuxa convocatoria se publicou no BOP nº 173 do 12 de setembro de 2022.

-Proposta de nomeamento ditada en data 23/03/2023 polo Tribunal Cualificador do proceso selectivo, a favor de D. Luis Alcalá Baillie.

-Decreto de data 3/04/2023 do presidente da Mancomunidade, polo que se nomea a D. Luis Alcalá Baillie, DNI 53300205M, persoal laboral fixo do grupo I, Xerente.

- Toma de posesión do posto en data 28/04/2023

-Contrato asinado en data 25 de abril de 2023, cuxa cláusula cuarta recolle as retribucións anuais a percibir por contía de 39.728,89 euros anuais a distribuír nos seguintes conceptos salariais: "*Salario base a pagar en 12 pagas ordinarias e dúas pagas extraordinarias*"

-Proposta de modificación do anexo de persoal 2023, mediante adecuación dos conceptos retributivos do posto de Xerente, asinada en data 07/09/2023 polo presidente da Mancomunidade

EXPEDIENTE CIVIDAS 2023031933

CONSIDERACIÓNS

A proposta de referencia non supón incremento retributivo ningún con respecto á contía global anual asignada ao posto con respecto ao exercicio anterior e recollida no contrato anterior, agás no relativo as actualizacións derivadas da Lei de Orzamentos Xerais do Estado, e a mesma atende á fixada na cláusula cuarta do contrato asinado en data 25 de abril de 2023, adecuándose á verdadeira natureza salarial das retribucións fixas e periódicas que se viñan percibindo mensualmente e xa contempladas no contrato anterior á estabilización da praza de xerente.

Non obstante por este órgano interventor faise a seguinte observación en relación **á adecuación dos instrumentos técnicos de ordenación de persoal e a súa correlación cos créditos:**

A Lei de Emprego Público de Galicia no seu artigo 38.3 sinala que os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo (RPT), sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente, polo que a creación dun posto ou o incremento de efectivos dun posto xa creado, debe constar na plantilla e no Anexo de persoal coa correspondente dotación orzamentaria.

Entende esta funcionaria, que é necesaria a aprobación dunha RPT para que exista definición dos postos de traballo e das funcións atribuídas a cada un deles e valoración dos mesmos, así como adecuación á normativa en vigor, a prol dunha coherencia entre ésta e os Instrumentos de ordenación de persoal.

TRAMITACIÓN: (art. 162 a 171 Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais) e 90 e seguintes da Lei de bases de Rexime local

A modificación do anexo de persoal realizarase con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos:

As fases de **tramitación** do Expediente son as seguintes :

Elevación ó Pleno da Mancomunidade. A proposta de modificación informada pola Interventora será remitido polo Presidente ó Pleno

Aprobación inicial polo Pleno da Corporación, por quórum de maioría simple dos membros presentes.

Información pública por espazo de quince días hábiles, no Boletín Provincial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno

EXPEDIENTE CIVIDAS 2023031933

Resolución de todas as reclamacións presentadas. O Pleno disporá para resolvelas dun prazo dun mes

Aprobación definitiva. A proposta considerarase definitivamente aprobada se ó termo do período de exposición non se presentaran reclamacións; en caso contrario, requirirase acordo expreso polo que se resolvan as formuladas e se aprobe definitivamente.

Publicación. O acordo definitivamente aprobado será inserido no Boletín Oficial da Corporación.

Sendo o resultado do control permanente previo do expediente:

- Favorable coas observacións sinaladas en canto a **adecuación dos créditos de persoal ós instrumentos técnicos de ordenación**

Este é meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en Dereito.

Non obstante, o órgano competente decidirá o que estime máis conveniente aos intereses xerais.

Asinado dixitalmente: M^a del Rosario Vázquez Fernández

INTERVENTORA XERAL MUNICIPAL